



**Confederación Intersindical Galega**

BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

**IV CONVENIO DE TELEMÁRketing**  
Comunicado nº 7

## **Deslocalizan pero quieren que o Convenio quede como está**

O pasado 17 de outubro delegadas e delegados da CIG concentrábase ante a empresa Eurocen en A Coruña dando inicio ás mobilizacións polo convenio. Estas concentracións continuarán de xeito rotatorio por todas as empresas de telemárketing de Galiza.

O sector está ameazado pola deslocalización. É coñecido o caso de Atento, pero outras empresas teñen plans en Argentina e Chile: serían os casos de Eurocen-A Coruña (Telefónica móbiles), Bosch-Vigo (Tele-2 Comunitel) ou Unísono-Vigo (Vodafone). Para a CIG o Convenio Colectivo de Telemárketing debe recoller medidas que garantan os postos de traballo no país.

Desgraciadamente na reunión do día 22 de outubro outros sindicatos conténtanse cun convenio que recolla unha cativa suba salarial (IPC+0,75), algunhas medidas en materia de conciliación da vida laboral e familiar, e que se establezan Plans Sectoriais de Formación a nivel estatal.

Os Plans Sectoriais de Formación a nivel estatal son un negocio. Ás empresas, CCOO e UGT, recibirán subvencións públicas para poder dar cursos de formación.

En definitiva mentres que a deslocalización é unha ameaza para os postos de traballo do telemárketing en Galiza, pretenden pechar o Convenio Estatal cunha pequena suba salarial, sen garantías de mantemento do emprego e facendo negocio. Un camiño perigoso que a CIG non comparte.

Galiza, 23 de outubro de 2007



Mobilización en Eurocen-A Coruña do 17/10/2007